



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es

CONCELLO DE BOIMORTO	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	SAÍDA
Núm. —	Núm. 2871

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o Alcalde con data catro de outubro de dous mil trece, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 357 / 2013

Data decreto: 04/10/2013

Descrición decreto: Nomeamento persoal laboral temporal xerocultor/ auxiliar de xeriatria.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto que o aumento de prazas na Residencia de persoas maiores conleva unha necesidade de dispoñer de máis persoal en relación ás tarefas de xerocultor/ auxiliar de xeriatria.

Vistos os movementos de bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de xerocultor/ auxiliar de xeriatria por decreto nº 49/2012 de data 07/03/2012.

Tendo en conta a chamada telefónica realizada ás persoas que se relacionan a continuación, que forman parte da bolsa de contratación, onde manifestan que están traballando e polo tanto rexeitan este posto de traballo, que acreditará mediante a documentación oportuna para manter o mesmo posto na lista conforme o disposto na base 9 e 10 da convocatoria para formación de bolsa de traballo de persoal laboral temporal da residencia para persoas maiores e centro de día de Boimorto:

Dna. Noelia Pena Garea con DNI 79334059K con entrada nº 1976 en data 04/10/2013 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Dna. Sonia Gavieiro Pena con DNI 33344672P con entrada nº 1975 en data 04/10/2013 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista

Esta Alcaldía en uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como xerocultor/auxiliar de xeriatria a Dna. Elisa Matilde Gómez Corzo con DNI 33239388H.

SEGUNDO.- Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base oitava á presentación pola interesada de:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.

- Currículum actualizado con copia compulsada de todos os títulos.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requirida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 07/10/2013.

Boimorto catro de outubro de dous mil trece

O Alcalde


Perante min:
A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en BOIMORTO, a 4 de outubro de 2013

Vº Pr.
O Alcalde



Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

